

INFORME

QS Sustainability
2026





Índice

Introdución	2
Posición global.	3
<i>Impacto ambiental</i>	3
Impacto social.....	4
Gobernanza	4
Impacto ambiental (45 %)	5
Impacto social (45 %).	7
Gobernanza (10 %)	9
Anexo I. Evolución UVigo no ranking QS sostibilidade	10
Anexo II. Imaxe dos cambios coa edición anterior.	11
Información de contacto	12

Introdución

O presente informe ten como obxectivo reflectir a posición da Universidade de Vigo no Ranking mundial de universidades *QS Sustainability*, que ten como obxectivo proporcionar información das universidades do mundo que están liderando o camiño da sostibilidade social e ambiental.

Este ranking utiliza unha metodoloxía composta por indicadores que permiten medir a capacidade das institucións para abordar os maiores desafíos ambientais sociais e de gobernanza. Na súa edición 2026 incluíronse 2.002 universidades, das que 58 son españolas.

O ranking, busca evidencia externa do compromiso, dende o impacto de antigo alumnado que xeran ciencia e tecnoloxía para resolver problemas climáticos, ata o impacto da investigación que se realiza sobre os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).

Para poder ser escollidas para o ranking as institucións de educación superior deben ser elixibles tamén para algún dos rankings seguintes: ranking mundial de universidades, clasificación QS por rexión ou clasificación QS materias.

Ademais do anterior unha institución debe ter unha puntuación superior a cero nas categorías de impacto de investigación dos ODS, para investigación ambiental (categoría impacto ambiental) e para dúas das catro métricas de investigación nos ODS de impacto social.

Todas as institucións poden enviar datos, que son importantes para garantir que as clasificacións sexan o máis precisas posibles. Cando non se conta con datos proporcionados polas institucións, estes son tomados de datos privados que se atopan en fontes públicas.

Posición global.

Universidade de Vigo



A Universidade acada o posto global **359** entre 2.002 institucións. A nivel europeo sitúase no posto **166** entre 621 universidades, e en España no posto **11** entre 58.

A posición global baixo a 356 na edición 2026 cun total de 74,6 puntos.

2023	2024	2025	2026
#381-400	#=370	#281	#=359

Impacto ambiental



Na clasificación global por impacto ambiental a UVigo sitúase no posto 437.

A puntuación específica en impacto ambiental é de 64.9 puntos, dividida nas seguintes lentes:

- Educación ambiental: 68,6
- Investigación ambiental: 93,4
- Sostibilidade ambiental: 35,2

Impacto social




Na clasificación global por impacto social a UVigo ocupa o posto 400.

A puntuación global en impacto social é de 79.0 puntos, con estas puntuacións por lente:

- Saúde e benestar: 95.0
- Impacto da educación: 81.4
- Intercambio de coñecemento: 87.2
- Igualdade: 82.6
- Empregabilidade e oportunidades: 58.4

Gobernanza

A puntuación na lente de bo goberno é de 92.4 puntos, acadando o posto global 177. A avaliación inclúe cultura ética, transparencia financeira, representación estudantil e políticas institucionais.




A continuación desenvólvense polo miúdo cada un dos tres principais apartados deste ranking, que son impacto ambiental con un peso de un 45%, impacto social con un peso de 45% e gobernanza cun peso dun 10%.

Impacto ambiental (45 %)

Este apartado está dividido en 3 lentes que son:

- Educación ambiental. Nesta lente tense en conta que a educación axuda a cidadanía a tomar decisións informadas e equilibradas. Este enfoque avalía si as institucións están educando ao estudantado para marcar a diferenza no medio ambiente. Esta lente está dividida en 3 métricas que son: reputación en terra e medio ambiente, impacto do estudantado en sostibilidade ambiental (tanto no sector público como no terceiro sector) e cursos de ciencia do clima e sostibilidade.
- Investigación ambiental. Nesta lente avalíase o impacto da investigación en relación cos ODS e tamén incorporan os datos a nivel nacional sobre o gasto en investigación como proporción do PIB. Esta lente está divididas en 4 métricas que son: impacto da investigación en ODS relacionados co medio ambiente, as estatísticas nacionais para a investigación, centros de investigación con enfoque en sostibilidade e citas de políticas ambientais.
- Sostibilidade ambiental. Nesta lente avalíanse as operacións da institución para un futuro ambiental sostible. Examina se a institución está comprometida ou non coa mitigación do impacto ambiental e se demostra ese compromiso. Os datos dos alumni, as operación e políticas, as percepcións do persoal e os informes e a gobernanza agréganse para formar a puntuación final. Esta lente está dividida en 10 métricas que son: impacto do ex-alumnado na innovación, membro dun grupo sostible oficialmente recoñecido, compromiso co cambio climático (percepción do persoal), estratexia ou política publicamente dispoñible sobre adquisicións e inversións sostibles, sociedade de estudantado enfocadas na sostibilidade ambiental, compromiso de cero emisións netas, eficiencia das emisións, enerxías renovables xeradas in situ, progreso cara o obxectivo e política sobre a estratexia climática.

Na seguinte imaxe pode verse a posición da Universidade de Vigo nas tres lentes anteriores.



Impacto social (45 %).


Este apartado está dividido en 5 lentes que son:

- **Empregabilidade e oportunidades.** Nesta lente avalíase a capacidade da institución para impulsar ás persoas graduadas cara carreiras sólidas, así como as conexións da institución cos empregadores. Faise unha enquisa ao ex-alumnado para consultarlles como a institución os preparou para as súas carreiras. Tamén se mide o impacto da investigación sobre os ODS relevantes e logo agréganse estatísticas a nivel nacional sobre o emprego. Esta lente está dividida en 5 métricas, que son: reputación do empregador, impacto da investigación nos ODS para o emprego e as oportunidades, estatísticas nacionais para o emprego e oportunidades, alianzas coa industria e satisfacción de habillides.
- **Igualdade.** Nesta lente declárase que a igualdade é un dos eixos do desenvolvemento sostible, sendo a igualdade de xénero recoñecida no ODS 5. Ademais a redución das desigualdades dun xeito máis xeral se identifica co obxectivo 10, denominado reducir as desigualdades. Esta lente avalía os esforzos da universidade para inculcar a igualdade de xénero e a idea de redución das desigualdades, incluíndo a relacionada con características persoais, como a orientación sexual, a discapacidade, a raza ou a riqueza. Esta lente está dividida en 8 métricas: impacto da investigación para a igualdade, relación de xénero do estudantado, relación de xénero do corpo docente, relación de mulleres en postos de liderado, política de igualdade, diversidade e inclusión, igualdade académica (visión o persoal), apoio ás persoas con discapacidade e estatísticas nacionais sobre igualdade.
- **Saúde e benestar.** Esta lente avalía o compromiso da institución coa mellora da saúde e o benestar da humanidade en xeral (a través da súa investigación) e do seu propio persoal e estudantado. Esta lente divídese en 3 métricas, que son: investigación sobre o impacto dos ODS na saúde e benestar, prestación de servizos de saúde no campus e estatísticas nacionais de saúde e benestar.
- **Impacto da educación.** Nesta lente avalíase a oferta educativa e a calidade de determinadas materias na institución que teñen maior impacto positivo na sociedade (educación, política, política social, dereito, arte e deseño). Tamén se analiza a investigación sobre os ODS pertinentes e o impacto de ex_alumnos no

sector educativo. Esta lente divídese en 5 métricas: impacto da investigación nos ODS para a educación, reputación académica para o impacto para a educación, impacto dos ex_alumnos en educación, índice de liberdade académica e impacto da educación nas estatísticas nacionais.

- Intercambio de coñecemento. Esta lente avalúa a forma na que as institucións colaboran en materia de investigación para compartir coñecementos e estimular o crecemento educativo. Ademais reconece a necesidade de que o norte e sur globais, se unan como socios de investigación, axudando mellorar os estándares académicos en todo o mundo, así como os beneficios que isto produce en termos de recursos, coñecementos e habilidades compartidas. Esta lente está dividida en 4 métricas: intercambio de coñecementos (avances e difusión), difusión y participación comunitaria, percepción do persoal e citas de políticas (sociais).

Na seguinte imaxe pode verse a posición da Universidade de Vigo nas cinco lentes anteriores.




Gobernanza (10 %)

Este apartado está composto dunha única lente denominada bo goberno. Recoñecendo que a gobernanza é precisa para que se acaden os ODS, requirindo un liderado forte para unha toma de decisións transparente e baseada na evidencia, nunha xustiza democrática e aberta e na vontade de transferir poder central aos centros locais.

O mesmo ocorre a nivel institucional, xa que a universidade, para facer fronte aos mesmos desafíos, necesita tamén dun bo liderado, con procesos democráticos de designación dos seus directivos, unha toma de decisións aberta e documentada e un poder que non so estea na man do executivo, senón de toda a institución.

Esta lente divídese nas seguintes métricas: cultura ética, publicación en acceso aberto, persoal/equipo dedicado ao desenvolvemento sostible, informes financeiros transparentes, sindicato de estudantado, representación estudantil na gobernanza, actas de gobernanza publicadas, signataria nacional da carta das Nacións Unidas contra a tortura, percepción do persoal sobre a ética institucional, citas de políticas de gobernanza.


Na seguinte imaxe pode verse a posición da Universidade de Vigo na lente anterior.



Anexo I. Evolución UVigo no ranking QS sostibilidade

Lente	Métricas	2024	2025	2026
Impacto ambiental	Educación ambiental	35,3	58,4	68,6
	Investigación ambiental	89,5	90,2	93,4
	Sostenibilidad ambiental	28,8	48,5	35,2
Impacto social	Empleabilidad y oportunidades	53,4	52,3	58,4
	Igualdad	85,6	89,6	82,6
	Salud y bienestar	88,7	92,4	95
	Impacto de la educación	75,1	80	81,4
	Intercambio de conocimientos	73	75,5	87,2
Gobernanza	Buen gobierno	78,2	90,3	92,4

Anexo II. Imaxe dos cambios coa edición anterior.



Información de contacto

Unidade de Análisis e Programas.

Edificio Filomena Dato. Andar 0.

36310 Vigo (Pontevedra)

986.818.689

Web:

<https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/organizacion-administrativa/unidade-analises-programas>



